ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

(ACTA NÚMERO 04)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

Dª. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Dª. Mª. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

Dª. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Dª. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

Dª. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **catro de febreiro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria Dª. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE REGALOS INSTITUCIONAIS AOS PARTICIPANTES DO PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA" DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de regalos institucionais aos participantes do programa "Coñece a túa provincia" da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CSQPKHE7NQT6Y3UPE4N2CEU.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7CSWKKFYVD5OU6Y57DMIKPIQ.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CSQPLPBJCLSNIUU5AAMRSOA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CSOPP3MUJJTMKAMMHIFPONY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7CSOPCZ57CLDVI4RFH542TCY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CSPDOPZJ6V6Z6QDWU47ZR54.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a Contratación da subministración de regalos institucionais aos participantes do programa "Coñece a túa provincia" da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como os criterios que se recollen para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado "sumario", dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 27.125,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.696,25 €, o que fai un total de 32.821,25 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 4320.22601, do exercicio 2022, segundo consta no informe de consignación da Intervención."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 "Monforte – Currelos (LU-611)" P.K. 0+000 a 24+436.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21/01/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"(...)

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F663OZEMLZGFOVRNBGZ7XD4[1].

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 "Monforte – Currelos (LU-611)" P.K. 0+000 a 24+436, con CSV: IV7F6635BN6KKW522Q4WEN3QAY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7F7WXJZLXC32WK6BXR6E3BOQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7FYKPMH4MM6SNZCB4AIUDHAY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FYKTSBEG7ZRBPQ4HBA5BHAQ.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FZUHO3EGJXGUDCAOQ4ULUEE.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 19/11/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7F2EBYZ7V4JHW25RV4B5QHEE.

Publicación, o día 25/11/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23/12/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliables automaticamente (sobre B), con CSV: IV7CU3P2FU6DVLGSWYAVCQBVOM.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-3202 “MONFORTE – CURRELOS (LU-611)” P.K. 0+000 A 24+436

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	251.225,65		
VALOR ESTIMADO	207.624,50	43.601,15	DE IVE (partida independente)
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO		
PRAZO DE EXECUCION:	9 MESES	MAXIMO 4.152,49	2% s/ ve

	EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
				PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL			234.218,01 €	1.038,12 €	181/3
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU			245.872,00 €	0,00 €	40/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		234.218,01 €	95,00	1.038,12 €	5,00	100,00
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		245.872,00 €	29,90	0,00 €	0,00	29,90

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		234.218,01 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		245.872,00 €

BAIXA	20% SOBRE A OUTRA
196.697,60	

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		100,00
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		29,90

Requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese compromtido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 9.678,43 euros, que supón o 5% do importe de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade

co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 29/12/2021, con CSV: IV7CUPYTBNZ57DPMCNVAIQCAEU, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 30/12/2021, rematando o prazo de presentación o día 14/01/2022. A mercantil Francisco Gómez y Cía SL, presentou a documentación requirida o 13/01/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 21/01/2022, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Francisco Gómez y Cía SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 “Monforte – Currelos (LU-611)” P.K. 0+000 a 24+436 no prezo de 234.218,01 €, dos cales 40.649,41€ corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.038,12€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de

seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 "Monforte – Currelos (LU-611)" P.K. 0+000 a 24+436 no prezo de 234.218,01 €, dos cales 40.649,41€ corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.038,12€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o

carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Alfoz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 5 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Alfoz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (5) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

…”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Alfoz presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
ALFOZ	5	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE VAO, A GRELA, CORRELOS, COUTO DE ABAIXO, A LAMA A NESPEREIRA, CANADOURAS E A CABANELA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	21.394,23€

Por escrito de data 27/01/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ALFOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN PEDRO DE OR E LAGOA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	21.315,22€	21.315,22€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Alfoz, no Plan Único 2021."

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Alfoz e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ALFOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN PEDRO DE OR E LAGOA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	21.315,22€	21.315,22€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTUALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS (P.E.S.) 2020-2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

"En relación á actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022, para o ano 2022, mediante a aprobación do anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para ese exercicio, así como a publicidade da mesma, procede informar:

Antecedentes de feito:

O 2 de abril de 2020 a Presidencia desta Deputación aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S) desta Deputación Provincial para o período 2020-2022, que foi publicado o 16 de abril de 2020 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O amentado Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S) desta Deputación Provincial para o período 2020-2022, así como as súas actualizacións para os anos 2020 e 2021 foron publicitadas a través da páxina web, portal de transparencia, do Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), cumprindo así coas obrigas de publicidade e transparencia establecidas.

O 30 de decembro de 2021 publicouse no BOP de Lugo núm. 298, a aprobación definitiva do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, cos seus respectivos importes.

O 12 de xaneiro de 2022 dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento solicitouse á Intervención provincial, informe para a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022, para o ano 2022 (Redacción do Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022).

O 17 de xaneiro de 2022 a Intervención emitiu informe das aplicacións orzamentarias e importes, aprobados inicialmente polo Pleno, das subvencións plurianuais aprobadas que se inclúen nos créditos iniciais do exercicio 2022 e das subvencións nominativas (documento con CSV IV7CQXXZLNMDVLVMWX7QDYTE6M).

O 17 de xaneiro de 2022, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento remitiuse un escrito aos distintos Centros xestores desta Deputación, no que se lles

solicitou información sobre o custe das actuacións encadradas dentro das liñas de subvención que xestionan (Subvencións nominativas, Subvencións directas excepcionais plurianuais e Actuacións específicas previsibles no exercicio 2022 (custo estimado e orzamento inicialmente dispoñible)), para a actualización do PES para o ano 2022, achegándolles copia do Informe emitido pola Intervención.

Os distintos Centros xestores de subvencións das liñas de cada unha das Áreas da Deputación, achegaron á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento a información solicitada, indicando as modificacións que se deben realizar nas liñas, e as cantidades que afectan aos respectivos centros. Antecedentes que se incorporan ao expediente.

O 1 de febreiro de 2022 a Intervención emitiu un informe das aplicacións orzamentarias e importes, aprobados inicialmente polo Pleno, das subvencións plurianuais aprobadas que se inclúen nos créditos iniciais do exercicio 2022 e das subvencións nominativas, que emenda os emitidos anteriormente, (documento con CSV IV7CSOACOEJ34X4DTVWUIRSXG4).

Na Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento elaborouse o Anexo I sobre as liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022, en base aos datos facilitados polos distintos Centros xestores e pola Intervención desta Deputación Provincial.

Fundamentos xurídico-administrativos:

Primeiro.- No vixente Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022 aprobado, establécese o seguinte:

No apartado 3.2. sobre a actualización indícase:

“En cumprimento do establecido no artigo 14.1 do R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, anualmente procederase á actualización dos plans incluídos neste PES, de acordo coa información relevante dispoñible, de forma que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras

ou eliminarse liñas de subvencións; e sobre todo, precisar as contías, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Dentro de cada unha das liñas, poderá modificarse ou actualizarse calquera aspecto do seu contido, ben sexa motivado polos resultados obtidos dos informes de seguimento sobre a consecución dos obxectivos establecidos ou pola adecuación dos recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificados. Procurarase, na medida do posible, que tal actualización poida ser aprobada, e en consecuencia que poida entrar en vigor xunto co orzamento de cada anualidade, ao tratarse de dous documentos relacionados. En tanto non se tramite dita actualización, poderán concederse aquelas subvencións que estean dentro dos obxectivos estratéxicos e das liñas contidas no presente PES.

Os acordos de actualización do PES serán adoptados polo mesmo órgano que o aprobe, é decir, a Xunta de Goberno."

No apartado 16 (Incorporación de anexos), concrétase:

"As actualizacións do Plan que se produzan como consecuencia dos acordos corporativos sobre subvencións nominativas e liñas e actuacións específicas, coa correspondente estimación de custes e recursos financeiros aplicables en cada exercicio, previas as tramitacións oportunas, iranse incorporando a este plan estratéxico, a medio de anexos, coherentes co dinamismo e a vitalidade deste documento, e cunha información estruturada, comprensible e transparente da acción de fomento do ente provincial."

Polo tanto, para dar cumprimento ás amentadas esixencias, efectúase esta actualización do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 para a anualidade 2022, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, previsións e contías para esta anualidade.

Segundo.- En canto ao órgano competente para a aprobación da presente actualización para o ano 2022 do vixente P.E.S. 2020-2022, é a Xunta de Goberno, tendo en conta que foi este o órgano que aprobou o amentado P.E.S. 2020-2022.

Polo tanto, o órgano competente para aprobar o Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para a anualidade 2022 é a Xunta de Goberno.

Terceiro.- Coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública (artellada a través das obrigas de publicidade activa), o artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que "As

Administración Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grado de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica, xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma que se determine por cada Administración competente." Así, os Plans Estratéxicos de Subvencións encóntranse incluídos neste tipo de instrumentos que deberán ser obxecto de publicación, e por analoxía tamén as súas actualizacións.

Esta previsión tamén se recolle no propio Plan Estratéxico, no apartado 5.2 relativo á publicidade do mesmo.

Cuarto.- O artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula a publicación dos actos administrativos. No mesmo establécese que, "os actos administrativos serán obxecto de publicación cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciado polo órgano competente". No mesmo tamén se precisa que, "a publicación dos actos realizarase no diario oficial que corresponda, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto a notificar".

Neste caso, o acto que ten por obxecto a aprobación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022, desta Deputación Provincial para o ano 2022, procede da Xunta de Goberno da mesma, polo que se debe publicar a través do Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quinto.- O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, modificou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, engadindo un segundo parágrafo no artigo 13, no que sinala ao Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), dependente do Ministerio de Facenda, como o sitio web de publicación dos plans estratéxicos de subvencións e das súas actualizacións.

Polo tanto, a actualización para o ano 2022 (Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esa anualidade), do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022) desta Deputación Provincial, deberá publicarse a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

En consecuencia, infórmase favorablemente:

A actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022 para a anualidade 2022, mediante o Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esa anualidade, elaborado pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento.

Dar publicidade da mesma a través da páxina web, portal de transparencia, do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022 desta Deputación provincial para o ano 2022, mediante a aprobación do Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para ese exercicio.

2º.- Dispoñer a súa publicación na páxina web, portal de transparencia, do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE TRABADA (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE034490, de data 30.12.2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Trabada (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 3 de febreiro de 2022 que di:

“En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou emitir informe desfavorable ao documento do Plan Básico Municipao de Trabada que fora presentado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia mediante escrito de Rexistro 2021RPE004577 de 25.03.2021 para informe sectorial de estradas provinciais, en tanto non se modificaran determinados aspectos que se sinalaban no informe do Servizo de Vías e Obras.

O documento que presenta con data 30.12.2021 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia contén as modificacións referentes ás estradas provinciais que se consideran conformes ás condicións que se establecían no acordo da Xunta de Goberno de 22.10.2021, polo que se propón a emisión de informe favorable á documentación remitida do PBM de Trabada con data de redacción decembro de 2021.”

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Trabada (Lugo), recibido o 30.12.2021 con número de Rexistro 2021RPE034490.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE O PÁRAMO (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"En relación co escrito de Rexistro 2021RPE033246, de data 14.12.2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de O Páramo (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 3 de febreiro de 2022 que di:

"En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou emitir informe desfavorable ao documento do Plan Básico Municipao de O Páramo que fora presentado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia mediante escrito de Rexistro 2020RPE021427 de 23.12.2020 para informe sectorial de estradas provinciais, en tanto non se modificaran determinados aspectos que se sinalaban no informe do Servizo de Vías e Obras.

O documento que presenta con data 14.12.2021 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia contén as modificacións referentes ás estradas provinciais que se consideran conformes ás condicións que se establecían no acordo da Xunta de Goberno de 22.10.2021, polo que se propón a emisión de informe favorable á documentación remitida do PBM de O Páramo con data de redacción decembro de 2021."

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de O Páramo (Lugo), recibido o 14.12.2021 con número de Rexistro 2021RPE033246."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EMITIDO POLO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO PLAN

ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS PARQUE CENTRAL- CENTRO XEOGRÁFICO DE GALICIA. ANTAS DE ULLA (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"En relación co escrito de Rexistro 2021RT016199, de data 19.10.2021, do concello de Antas de Ulla, remitindo o documento Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para a creación de "Parque Central-Centro Xeográfico de Galicia", visto o informe do Servizo de vías e obras de 3 de febreiro de 2022 que di:

"Antecedentes e obxecto.

Con data 19.10.2021 e nº de rexistro 2021RT016199 o Concello de Antas de Ulla solicita informe sectorial da Deputación Provincial de Lugo, para a tramitación do do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para a creación de "Parque Central-Centro Xeográfico de Galicia", promovido pola Deputación Provincial de Lugo.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

Fundamentos Legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

"7. Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

40.Delimitación da zona de afección.

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas a elas e medidas horizontal e ortogonalmente desde as liñas exteriores da zona de dominio público, a unha distancia de:

a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estructurante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estructurante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.”

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da línea límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible reducción aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

O ámbito do Plan especial de dotacións atópase situado na marxe esquerda da estrada de titularidade provincial LU-P-LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – Límite provincia de Pontevedra (Rodeiro)”, no entorno do PK 3+650, no lugar de Nugallás, no termo municipal de Antas de Ulla. Os terreos están clasificados como solo rústico.

Existe acceso rodado ás parcelas nas que está prevista a implantación do parque, na marxe dereita da estrada, no pq 3+650.

No plano nº 3, Plano de planta PEID Parque Central-Centro Xeográfico de Galicia dedúcese que na zona de influencia da antedita a estrada, 30,00 m desde a liña exterior da zona de servidume, só se atopa unha parte da rede peonil, conectada coas beirarrúas de acceso ao zona de aparcamento, estando o resto de actuacións fora das zonas de protección. Para a execución da rede peonil sería necesaria a execución de un pequeño movemento de terras, que está incluido dentro dos usos autorizables nas zonas de servidume (art. 44 LEG 8/2013) e afección (art.45 LEG 8/2013).

Conclusións.

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras propón respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación:

Emitir informe sectorial favorable ao Plan Especial de Infraestructuras e dotacións para a creación de "Parque Central-Centro Xeográfico de Galicia"."

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido polo Concello de Antas de Ulla, Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para a creación de "Parque Central-Centro Xeográfico de Galicia"recibido o 19.10.2021 con número de Rexistro 2021RT016199."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA AS GARANTÍAS INCLUÍDAS NO BALANCE DE CESIÓN GLOBAL DA SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO S.A.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria, celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís..."

O pleno da Deputación Provincial, na súa calidade de socio único da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, na mesma data, acordou aprobar o balance final e o informe dos liquidadores da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A.

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

O balance de cesión global da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A contén no pasivo corrente, apartado II, débedas a corto prazo, por importe de catrocentos trinta e catro mil seiscentos trinta e oito euros con noventa céntimos (434.638,90€).

Nas débedas a corto prazo indicadas, inclúense os importes pagados, polos clientes, en concepto de garantía, pola reserva de parcelas nos polígonos industriais, promovidos pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, o día 18 de xaneiro de 2022, con CSV IV7CQAJ53HVS2TU3SLWAAFIDKM e o informe emitido pola Intervención, o día 26 de xaneiro de 2022, con CSV V7CSXYZHFW7XL4DZVWSCM7AIU, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar a incautación dos importes, que se relacionan a continuación, depositados, en concepto de garantía, para a reserva de parcelas, nos polígonos industriais, promovidos pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, ao non perfeccionarse a compravenda polo desestimento do comprador.

CUENTA	TITULAR	CONCEPTO	IMPORTE	DATA
560000508	CUMBRAOS VALCARCEL JOSE	Reserva Parcela 15 P.I Baleira	1.231,20	04/06/2007
560000513	IGLESIAS GRAÍÑO MANUEL	Reserva Parcela 23 P.I Baleira	3.397,50	05/06/2007
560000515	LÓPEZ FERNÁNDEZ M. CARMEN	Reserva Parcela 26 P.I Baleira	5.135,40	12/06/2007
560000518	GRUPO CUÍÑA S.A	Reserva Parcela 24 P.I Baleira	3.608,10	26/06/2007
560000519	DÍAZ FERNÁNDEZ ÁNGEL	Reserva Parcela 18 19 20 21 P.I Baleira	11.671,20	19/06/2007
560001202	CORRAL SANTOS M. CARMEN	Reserva Parcela Comercial P. I Friol	10.724,00	12/06/2006
560001203	GARCÍA SANTOS MANUEL	Reserva Parcela 45 P. I Friol	6.028,69	12/01/2006
560001205	RODRÍGUEZ IGLESIAS J. LUIS	Reserva Parcela 21 A. I Friol	3.651,56	21/01/2006
560001213	DORADO LAMAS ELADIO	Reserva 50% Parcela 18 19 P. I Friol	2.756,90	17/04/2007
560001214	LOMBAO ARIAS JOSE LUIS	Reserva 50% Parcela 18 19 P. I Friol	2.756,90	19/04/2007
560001217	MAHÍA PACIN JOSE LUIS	Reserva Parcela 6 P. I Friol	3.255,86	03/05/2007
560001218	EXCAVACIONES MODIA S.L	Reserva Parcela 15 P. I Friol	2.757,00	16/05/2007
560001220	BARRIUSO ABAD ALBERTO	Reserva Parcela 22 P. I Friol	3.511,93	04/06/2007
560001222	RODRÍGUEZ VARELA AMADOR	Reserva Parcela 44 P. I Friol	5.340,00	13/06/2007
560001224	SANTACATALINA NASARRE ALEJANDRO	Reserva Parcela 16 P. I Friol	2.756,90	05/07/2007
560001225	VIÑA CARREIRA J. ANTONIO	Reserva Parcela 55 P. I Friol	7.090,40	23/07/2007
560001227	LOSADA LOPEZ MANUEL	Reserva Parcela 49 P. I Friol	3.130,89	24/08/2007
560001228	PROMOCIONES TEIXIDO LÓPEZ S.L	Reserva Parcela 48 P. I Friol	2.767,14	27/08/2007
560001229	DÍAZ CABARCOS JESÚS	Reserva Parcela 17 P. I Friol	2.756,90	19/04/2007
560001230	AGRUÑA LÓPEZ ALBERTO	Reserva Parcela 50 P. I Friol	3.495,79	12/09/2007
560001231	CEMBIMO S.L	Reserva Parcela 39 40 41 P. I Friol	17.569,54	23/10/2007
560190001	PARDEIRO FERNÁNDEZ MANUEL	Reserva P.26 P.I Castroverde	2.049,38€	28/06/2010
560190002	EIRAS LÓPEZ MANUEL	Reserva P.15 P.16 P.I Castroverde	6.741,75	13/12/2010
		TOTAL	114.184,93	

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm 138 do sábado de 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Asociación Sagrado Corazón	Campus Deporte e Lecer (Fútbol e fútbol sala)	457,00 euros

11.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO Nº 10/2022.

Logo de ver a proposta da Asesoría Xurídica do seguinte teor.

"En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº10/2022 interposto por D. Jorge Da Cunha López fronte á "*Resolución da presidencia da Deputación de Lugo de data 08.11.2021 pola que desestima o recurso de reposición formulado por*

esta parte contra a resolución da presidencia de data 29.10.2021, pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de técnico/a superior informático/a (FP), da Deputación Provincial de Lugo, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos/as auxiliares, Grupo B, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, correspondentes ás OEP dos anos 2017 e 2019 (BOP núm. 101, do 06.05.2021), publicada no BOP Lugo, n. ºº228 de 2 de outubro de 2021…", á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO Nº 365/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

"En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº365/2021-S interposto por Dª Guadalupe Otero Pérez *"contra la desestimación de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por mi patrocinada en fecha 20 de Julio de 2021 contra el Excma. Diputación Provincial de Lugo a causa de un accidente de tráfico de fecha 8 de Febrero de 2021, en la carretera LU-P-4601, cuando pilotaba D. Miguel López Otero el vehículo Renault Clio, matrícula MU 7965 BX, al irrumpir súbitamente un corzo en la calzada…*", á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- *Conta e cumprimento Decreto nº 85/2021, de 17 de xuño, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no procedemento: Peza de taxación de custas 263/2020 0001.*

Dase conta do Decreto nº 85/2021 de data 17 de xuño de 2021 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo dentro do Procedemento Abreviado 263/2020 seguido a instancia de Blanco Lozano Agricultura, C.B., fronte á resolución desta entidade, e en cuxo fallo dí o seguinte: "*Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 26/05/2021 por importe de 363 euros, a cuyo pago ha sido condenada la parte Diputación Provincial de Lugo. En caso de ser abonado a través de este órgano deberá ser ingresada en la cuenta de consignaciones*". A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento ó citado Decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo da cantidade de 363 euros.

Segundo.- *Dación de conta da Sentenza nº299/2021, de 17 de decembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 190/2021-A.*

Dase conta da sentenza nº 299/2021, de 17 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado nº 190/2021-A, seguido a instancia de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. fronte á resolución desestimatoria de reclamación de responsabilidade patrimonial de data 25 de maio, e en cuxo fallo di o seguinte: "*Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de Allianz, representada por el Procurador Sr. Álvaro Martín Buitrago Calvet, contra el acto administrativo que se ha descrito en el fundamento de derecho primero de esta Sentencia, el cual, en consecuencia, se declara ajustado al ordenamiento jurídico. No se imponen costas de conformidad con lo fundamentado*". A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceira.- *Conta e cumprimento Dilixencia Ordenación de data 7 de xaneiro de 2022 do Xulgado do Social nº1 de Lugo en relación coa ETX 90/2020.*

Dase conta da Dilixencia de Ordenación de data 7 de xaneiro de 2022 ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo en relación coa Execución de Títulos Xudiciais nº 90/2020, e en cuxo fallo dí o seguinte: "*Presentado el anterior escrito por la parte ejecutante, únase a los autos de su razón. Visto su contenido, se requiere a la parte ejecutada para que abone la cantidad de 550 euros en concepto de honorarios de letrado impuestos en sentencia dictada por la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*" A Xunta de Goberno queda enterada acordándose por unanimidade, dar cumprimento á citada Dilixencia; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Social nº 1 de Lugo da cantidade de 550 euros.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.